

# AS ACTIVIDADES ECONÓMICAS E OS ESPAZOS XEOGRÁFICOS

## 1. AS ACTIVIDADES ECONÓMICAS: COMPOÑENTES E SECTORES

### A que chamamos actividade económica?

Ó conxunto de tarefas que permiten ás persoas obter bens, que poden ser materiais ou inmateriais, cos que cubrir as súas necesidades.

### Cales son os compoñentes da actividade económica?

Toda actividade económica inclúe tres compoñentes:

- ❖ A produción ou conxunto de bens proporcionados pola actividade económica.
- ❖ A distribución, que consiste no traslado da produción ata o consumidor
- ❖ O consumo que é utilización dos bens producidos.

### Cales son os sectores da actividade económica?

As actividades económicas agrúpanse en tres sectores que presentan trazos comúns. Estes sectores son:

- **Sector primario:** inclúe tódalas actividades relacionadas coa extracción dos recursos naturais: agricultura, pesca, gandaría e actividade forestal. Estes recursos son os destinados á produción, distribución e consumo.
- O **sector secundario:** transforma os produtos proporcionados polo sector primario, como a industria ou a construción.
- O **sector terciario:** son as actividades que proporcionan servizos, tales como a educación, a banca, a sanidade, etc.

A importancia que estes sectores teñen no conxunto do Produto Interio Bruto (PIB) e na ocupación, é moi diferente segundo os países e áreas económicas.

## 2. OS AXENTES ECONÓMICOS E AS SÚAS RELACIÓNS

### Que son os axentes económicos?

Son os suxeitos que levan a cabo a actividade económico. A relación que manteñen entre si, constitúen un circuíto económico no que se intercambian traballo, bens, servizos a cambio de pagamentos. Estes axentes son: as empresas, as familias e o Estado.

- ✳ As **empresas:** son as unidades básicas de produción, tanto de bens como de servizos. A súa **función:** producir, distribuír e vender bens e servizos ós consumidores, sendo o sei **obxectivo** a *obtención de beneficios*.

As empresas pódense clasificar por:

- **Titularidade do capital:** **públicas**, cando o capital e a xestión proceden do Estado; **privadas**, cando tanto capital como a xestión pertencen a particulares, e **mixtas**, cando o capital é tanto público como privado.
- **Tamaño:** Segundo o número de traballadores poden ser: **pequenas** (ata 50 traballadores), **medianas** (ata 250 traballadores) e **grandes** (con máis de 250 traballadores).
- **Organización social:** poden pertencer a particulares ou a empresas. Cando pertencen a empresas podemos falar de **sociedades anónimas**, cando a capital está dividido en accións; **sociedades limitadas**, cando o capital é aportado por un número limitado de particulares; e **cooperativas**, cando o capital e a xestión corresponde ós socios.

No circuíto económico as empresas venden bens ó Estado e as familias a cambio de ingresos, os cales utiliza para pagar os salarios ós traballadores (familias) e os impostos ó Estado.

- \* As **familias**: son as unidades básicas de consumo. A súa **función** é o consumo de bens co **obxectivo** de satisfacer as súas necesidades. Para logralo, teñen que venderlle o seu traballo ás empresas a cambio dun salario, que tamén utilizan para pagarlle ó Estado os impostos. Esta é a súa función dentro do circuíto económico.
- \* O **Estado**: cumpre un dobre papel, por un lado é unha unidade de consumo e, polo outro, é unha unidade de produción. As súas **funcións**: producir bens materiais e servizos que precisa toda a sociedade a través das súas empresas e tamén consumir bens e servizos ofertados polas empresas privadas. O **obxectivo**: conseguir o benestar social dos cidadáns.

No circuíto económico proporciona tanto ás empresas como ás familias bens e servizos; contrata traballadores públicos e cobra os impostos tanto ás familias como ás empresas.

### 3. OS FACTORES DE PRODUCCIÓN

#### Cales son os factores de produción?

Os factores de produción son: **Recursos, capital, tecnoloxía e traballo.**

Son os recursos básicos que utilizan as empresas para levar a cabo a súa actividade económica.

- ❖ **Os recursos naturais** son os recursos que achega a natureza e que teñen utilidade económica e o seu aproveitamento orixina as actividades económicas básicas: agricultura, ganderaría, explotación forestal, pesca, minería e produción enerxética e industria.
  - **Tipos** de recursos naturais: segundo a súa duración poden ser: **renovables**, se se recuperan nun curto período de tempo, **non renovables**, se o seu uso provocan o seu esgotamento ou tardan longuísimos períodos de tempo en recuperarse.
  - **Problemas**:
    - **Esgotamento e sobreexplotación**: cando se consume a un ritmo superior ó da súa recuperación. Solución: utilizar os recursos segundo os principios do **desenvolvemento sostible**, é dicir, o uso racional dos mesmos, intentando evitar o seu esgotamento e sobreexplotación.
    - **Conflitos internacionais**: provocados pola loita polo control dos recursos imprescindibles e limitados (auga, petróleo, minerais raros,...), o que provocará movementos de poboacións e conflitos no futuro (e no presente).
- ❖ **Capital**: Son os elementos non naturais utilizados polas empresas. Tipos:
  - **Capital físico**: son os elementos non naturais (instalacións, maquinaria, ...).
  - **Capital financeiro**: son os fondos dispoñibles (cartos, crédito).
  - **Capital humano**: é a capacidade produtiva dos traballadores; depende da formación e a experiencia.
- ❖ **Tecnoloxía** ou conxunto de coñecementos, métodos e procedementos que se utilizan no proceso produtivo. A tecnoloxía pode ser **manual**, cando as ferramentas son manexadas e movidas por forza humana. **Mecanizada**, cando a forza a aportan as máquinas e o manexo é humano. **Robotizada**, cando son as máquinas quen aportan forza e manexo e o humanos só as programan e controlan.
- ❖ **Traballo**: é o esforzo físico ou intelectual aportado polas persoas no proceso produtivo. É esencial para as empresas (permite a súa actividade) e para as familias (proporciona os salarios que permiten a adquisición de bens e servizos).
  - **Situación laboral**: a poboación divídese en poboación activa ou inactiva, segundo sexa a relación co traballo. A **poboación activa**: é aquela que traballa (a cambio de salario) ou que o está buscando, é

dicir, poboación ocupada e poboación parada. **Poboación inactiva:** Son aquelas que non están dispoñible para traballar de xeito remunerado ou quen realizan ningún traballo remunerado.

- **A taxa de actividade** é a porcentaxe da poboación activa en relación á poboación en idade de traballar. Esta taxa é moi diferente segundo o desenvolvemento dos países.
- ❖ **O mercado laboral** está formado pola oferta de traballo (empresas) e a demanda de traballo (persoas en busca de traballo). O número de traballadores máis formados é menor e máis demandados que os menos formados. A crise económica levou ó aumento do traballo temporal e á baixada de salarios.
  - **Problemas laborais:** O principal problema laboral é o paro, sendo as causas diferentes no países desenvolvidos (provocado pola automatización das empresas e o traslado da actividade laboral á países con menor custo laboral dos traballadores) e nos países subdesenvolvidos (atraso tecnolóxico e traballadores escasamente formados).
    - **Consecuencias:** nos Estados redución de ingresos e, polo tanto, de investimentos e gasto social, e nas persoas: redución de ingresos, de gastos, vendas, etc.
  - **Condicións laborais:** diferenzas entre os Estados avanzados (convenios colectivos e regularización dos dereitos laborais) e os Estados menos avanzados (abusos laborais, falta de dereitos, etc.). A Organización Internacional do Traballo traballa para promover dereitos básicos.

#### 4. OS SISTEMAS ECONÓMICOS.

Denomínase **sistema económico** ás distintas formas de organizar e levar a cabo a actividade económica, é dicir, **como** producir, **que** bens se producen e en que cantidade e para **quen**.

- ❖ **Sistema capitalista ou economía de mercado:** réxese pola **lei da oferta e a demanda**. O mercado decide que producir, como e para quen. O obxectivo é o beneficio empresarial. Defende a propiedade privada, a libre circulación de mercadorías e capitais, libre competencia entre empresas e busca do máximo beneficio.
- ❖ **Sistema socialista:** a actividade económica está regulada polo Estado, que decide canto e como producir a través de plans que as empresas deben seguir, por iso recibe tamén o nome de **economía planificada**. O obxectivo é a distribución e a igualdade social e económica. O Estado regula prezos e salarios, é o dono das empresas e dos medios de produción, planifica a actividade económica e busca a consecución da igualdade social. Hoxe en día quedan moi poucos países que practiquen este tipo de economía, sendo substituída cada vez máis polo sistema capitalista.
- ❖ **Sistemas mixtos:** É unha variante do sistema capitalista, impulsado pola socialdemocracia. Busca integrar a economía capitalista, de busca de beneficio individual, con certo intervencionismo estatal na economía, tratando de conseguir o chamado **Estado de Benestar**. Este tipo de economía ven fixado polo Estado, que decide que producir, para quen e como producir, xa que o Estado garante os produtos básicos a toda a poboación. Neste tipo de economía coexiste a propiedade privada coa empresa pública. Búscase o beneficio individual, pero o Estado encárgase de redistribuír a riqueza a través dos impostos. É un sistema que tivo moita importancia en Europa, pero que está en retroceso.

#### 5. AS TENDENCIAS ECONÓMICAS ACTUAIS: as ideoloxías e os problemas. A globalización económica.

- ❖ **Xeneralización do capitalismo.** Dende 1990, pola práctica desaparición dos sistemas socialistas e a práctica desaparición das economías de autosubsistencia. Dentro do capitalismo conviven varias correntes, sendo as principais o **neoliberalismo** que defende a liberalización total e a desaparición da intervención estatal na economía, buscando reducir o gasto do

Estado en materias sociais (sanidade, educación, coberturas sociais, ...), a venda das empresas estatais, a rebaixa de salarios e impostos co obxectivo de aumenta-los ingresos empresariais. A outra corrente principal é a do **Keynesianismo**, teoría que defende a intervención estatal na economía co obxectivo de corrixir os excesos do capitalismo, a través dun investimento público nos sectores menos favorecidos.

- ❖ **Os problemas do capitalismo:** son de varios tipos:
  - **Políticos:** pola influencia dos grandes empresarios sobre os gobernos e os organismos internacionais na toma de decisións.
  - **Económicos:** o fallo da libre competencia en certos sectores, polo control que exerce un número pequeno de empresas sobre os diversos sectores económicos, impondo prezos inasumibles para as máis pequenas, así como o uso da publicidade para incitar o consumo. Ademais o capitalismo caracterízase por crises periódicas, debido á competencia entre empresas e á perda de beneficios das mesmas.
  - **Social:** diminución dos investimentos sociais para buscar o máximo beneficio individual.
  - **Ambientais:** o capitalismo baséase no consumo excesivo de recursos económicos, o que provoca un consumo insostible.
  
- ❖ **Globalización económica:** é como se denomina ó proceso de integración das economías nacionais nun mercado mundial que vai interrelacionar case tódalas áreas da Terra. Aínda que parece novo é un proceso que ven dende moi antigo, máis palpable dende os descubrimentos dos s. XVI-XVII, e expansión colonial levada a cabo polos países europeos e occidentais dende a creación dos grandes imperios coloniais do s. XIX e comezos do XX. Hoxe en día, produciuse unha aceleración inmensa provocada polo desenvolvemento tecnolóxico.
  - As **causas da globalización** son as seguintes:
    - Progreso das telecomunicacións (información e contacto instantáneo dende lugares moi afastados entre si).
    - Mellora dos transportes, que facilita o intercambio de mercadorías e persoas a nivel mundial.
    - Xeneralización do sistema capitalista, na súa vertente neoliberal: defensa sen fisuras da liberdade económica.
  - A **globalización vese impulsada** ( ou promovida) polas organizacións internacionais e polas multinacionais:
    - **Organizacións internacionais:** trazan directrices comúns e adoptan acordos sobre diversos temas económicos, como por exemplo a desaparición de fronteiras ó comercio (Organización Mundial do Comercio OMC), políticas monetarias (FMI ou Fondo Monetario Internacional, BM ou Banco Mundial), G-20 (que reúne ós 20 países máis fortes economicamente), ...
    - **Multinacionais:** xa que deseñan estratexias mundiais para obter maiores beneficios, afectando coas súas decisións ás economías de distintos países. E que son as multinacionais? Son empresas que contan con establecementos produtivos en países pouco desenvolvidos e a súa sede central (situada nun país desenvolvido) diseña a estratexia conxunta para todos eles, o que lles permite acadar os máximos beneficios: mercan as materias primas nun país, elabóranas noutro e véndenas en terceiros países, polo que se diminúen os custos finais. Así mesmo logran unha gran uniformidade nos gustos e preferencias dos consumidores en lugares moi afastados entre si. As formas de organización das multinacionais son o **holding** e o **trust**.
  - O **funcionamento da globalización económica** afecta tanto á produción, como os intercambios e ó consumo (de bens).
    - Á **produción** porque esta vai ser organizada a nivel mundial polas multinacionais, xa que os lugares de produción (países pobres) non están situados no país onde se toman as decisións (países ricos),

quen van explotar os recursos e a man de obra e degradar o medio natural dos países onde se instalan.

- **Os intercambios** tanto de mercadorías, capitais, servizos, tecnoloxía e información vaise levar a cabo a nivel planetario. Os países pobres van ver como eles se especializan nos procesos produtivos que aportan menos beneficios, e que sen embargo, os levan a un forte endebedamento.
- O **consumo** de bens tamén se globaliza, producíndose unha forte uniformización de determinados gustos a través da publicidade (pensemos no consumo de Coca-Cola, por exemplo, ou na expansión da fama de determinadas equipas de fútbol). En canto ó consumo, en realidade eses produtos non chegan a todo o mundo, só a determinados sectores sociais, á vez que se provoca un aumento do consumo irresponsable dos recursos naturais que leva a unha deterioración do medio natural.

A globalización presenta **vantaxes e inconvenientes**.

- As vantaxes son, sobre todo, para os países ricos: diminúen os custos de produción e baixan os prezos dos produtos; aumenta a competitividade das empresas polo que, en teoría, aumenta a calidade dos produtos; e espállanse as melloras tecnolóxicas.
- Os inconvenientes corresponden fundamentalmente, ós países pobres: aínda que aumenta neles o emprego cando se instalan multinacionais, estes están mal retribuídos e non compren garantías sociais e sanitarias; aumenta a desigualdade económica entre países desenvolvidos e subdesenvolvidos; favorece ás grandes empresas; permite a inxerencia económica das multinacionais nos países onde se instalan; degrada o medio natural; favorece a deslocalización da produción industrial, xerando paro nos países desenvolvidos.

## 6. AS ÁREAS XEOECONÓMICAS MUNDIAIS.

A nivel económico, os países divídense en tres grandes áreas xoeconómicas. Estas son:

### ➤ **A TRÍADE: focos económicos tradicionais.**

Está formada polos focos industriais tradicionais, é dicir: Europa occidental, USA-Canadá e Xapón. Características: escaso peso dun sector primario, industria moi tecnificada e preponderancia do sector terciario. Encabezan os intercambios mundiais de manufacturas, tecnoloxía, servizos e capitais.

### ➤ **POTENCIAS ECONÓMICAS EMERXENTES.**

Caracterizados por un crecemento superior ó resto dos países do mundo. Son:

- ❖ **Antigos países subdesenvolvidos:** leste e surlleste de Asia, que experimentaron un gran crecemento, especialmente na década dos 80 do século XX, máis Turquía e Indonesia. En América: países con abundantes recursos naturais, especialmente Brasil, México e Arxentina (hoxe en día en retroceso económico). Caracterízanse por unha rápida industrialización, salarios baixos e un peso crecente da tecnoloxía, con escaso consumo interior. No comercio mundial ocupan un lugar importante polas súas exportacións tradicionais e as de alto contido tecnolóxico.
- ❖ **Antigas potencia económicas:** caso de Rusia, ou que teñen **importancia económica no seu ámbito**, tales como Sudáfrica, Australia ou países do Próximo Oriente (Qatar, Israel, ...); contan con grandes recursos naturais e certo desenvolvemento industrial, en tanto o seus intercambios se basean na exportación de materias primas (agrarias, minerais ou enerxéticas), e de produtos industriais. Algúns destes países do P. Oriente están diversificando a súa economía, orientándoa cara o sector servizos (comercial e financeiro).

### ❖ **ÁREAS ECONÓMICAS ATRASADAS**

Localízanse, sobre todo, na África subsahariana e nalgúns países de América Latina. A súa economía baséase nunha agricultura atrasada e unha industria atrasada, o que provoca o risco de quedar marxinados dos intercambios mundiais.